

CONCELLOS**BARREIROS***Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 18 de febreiro de 2019, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 6º bimestre do exercicio 2018; e por Resolución da alcaldía de 12 de abril de 2019, o do 1º bimestre do exercicio 2019, así como, en ámbalas dúas, a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar os seus contidos na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 15 de abril ata o 15 de maio de 2019.

Contra os actos de aprobación dos padróns e da liquidación de tributos municipais incorporada a estes, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 15 de abril de 2019.- O alcalde- José Alfonso Fuente Parga.

R. 1124

FOZ*Anuncio*

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 15 de abril do 2019, prestoulle aprobación inicial ó Orzamento Xeral e Bases de Execución do Concello de Foz para o exercicio 2019.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ó da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo na Intervención Xeral do Concello e presenta-las reclamacións que consideren oportunas. Se ó termino do período de exposición ó público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o artigo 169.3 do citado Real Decreto Lexislativo.

Foz, 16 de abril de 2019.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.

R. 1126

LUGO*Anuncio*

Na sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 5 de abril de dous mil dezanove, adoptouse o acordo seguinte:

"Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito (1/2019) co seguinte detalle: